



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BUEU POLO DÍA DO ORGULLO LGBTIQ+

“Pertenzo a unha identidade borrada

a unha tribo sen nome

nin deusas nas igrexas.

Sobrevivín, por iso, oculta da luz

para non morrer de sede

naquel desterro de castigos”.

Contra Natura, Daniel Asorey (2021)

Xamais habitaremos unha sociedade xusta e igualitaria se non somos conscientes da invisibilidade e o ostracismo ao que son condenadas aínda a día de hoxe moitas persoas. En pleno século XXI, a sociedade segue a cuestionar os dereitos humanos, e ante iso as administracións non podemos ficar caladas, temos que reivindicar a igualdade e a xustiza.

O 28 de xuño conmemóranse en todo o mundo as revoltas de Stonewall no Greenwich Village de Nova York en 1969, acontecemento que supuxo o nacemento do movemento de liberación gai, lésbico, transexual e bisexual, e que se celebra internacionalmente como o Día do Orgullo LGBTIQ+. Esta conmemoración naceu da rebelión cidadá contra a inxustiza, a discriminación, e a constante persecución social e policial, e deu orixe a un movemento polos dereitos sexuais en todo o mundo.

O 11 de xaneiro de 1979, cesaba a ilegalidade da homosexualidade en España. Un mes despois, as persoas encarceradas pola súa condición sexual e de xénero saían dos cárceres, poñéndose así fin a décadas de desprezo, humillación, e criminalización. A pesar diso, as persoas LGBTIQ+ continuaron sendo perseguidas coa figura da Lei de Escándalo Público, modificada en 1983 e derogada en 1989.

A pesar dos avances acadados nos últimos anos en materia legislativa, especificados na Lei 13/2005 do matrimonio igualitario, a Lei 3/2007 de identidade de xénero, a Lei Integral de Transexualidade e a Lei 2/2014 de igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia; aínda estamos lonxe



de conseguir a igualdade para as persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais. A orientación sexual e a identidade de xénero continúa a ser obxecto de persecución legal en moitos países. Os informes de Amnistía Internacional apuntan a que en máis de oitenta países do mundo aínda se persegue a estas persoas co cárcere ou a cadea perpetua, e mesmo se condena a morte en oito deles.

En España, o número de agresións segue en aumento ano tras ano cara as persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais. Moitas delas nin sequera son denunciadas, e na sociedade civil aínda queda moito que avanzar para lograr a igualdade real e efectiva na que se garanta o dereito de todas as persoas a amar libremente, a ser quen queiran ser, a expresarse sen medos. Tamén na actualidade estamos asistindo á proliferación de discursos neoliberais que cuestionan os dereitos das persoas do colectivo LGBTIQ+, sobre todo por parte da ultradereita, que ameaza con coartar os dereitos acadados e impedir o avance social.

Así mesmo, certos sectores do feminismo están cuestionando o dereito das persoas transexuais a formar parte do movemento, un debate acelerado tras a non aprobación da tan necesaria Lei Trans. O gran problema de todo isto é que non é un debate. Os dereitos humanos das persoas trans non deberían estar abertos a consulta pública. O mero feito de que a identidade dun grupo de persoas e os seus dereitos poida ser un debate social, é dicir, que se poida poñer en cuestión, é un claro sinal de quen ten o poder nesta conversación. Iso dinos moito de a que voces se lles dá permiso e cales se lexitiman nesta sociedade. Así, as voces das persoas trans, sobre todo das mulleres trans, seguen estando silenciadas. Incluso en eventos organizados por persoas aliadas e ata persoas trans, apréciase unha ausencia moi sangrante de mulleres trans e persoas transfemininas. Non están, nin aí nin en moitos outros espazos. Mentres reciben insultos e acusacións, moitas delas están preocupándose de sobrevivir nunha sociedade tránsfoba.

As persoas trans sofren discriminación e violencia e forma frecuente, e as súas voces non están lexitimadas como as voces cis, polo que medra o seu medo e vulnerabilidade. Ante iso, dende as institucións públicas e a sociedade en xeral non podemos ficar en silencio, temos que reivindicar que os dereitos humanos son universais e que ningunha persoa debería sentir medo a manifestarse como é. Iso non significa borrar as nenas e as mulleres como se di moitas veces. Todo o contrario. Trátase de sumar, de ter máis elementos para unha sociedade máis libre, máis diversa e máis xusta.



Como mostra do compromiso do Concello de Bueu, dende hai catro anos organizamos as Xornadas pola Diversidade Afectivo – Sexual, coas que pretendemos reivindicar os dereitos de todas as persoas a manifestar a súa identidade diante do mundo e a non ser discriminadas nin ultraxadas pola sociedade.

Por todo o anteriormente exposto, dende o Concello de Bueu **ACORDAMOS**:

1. Manifestar o noso apoio e agradecemento ás organizacións LGBTIQ+, pois é coa súa forza, compromiso, valentía e convicción que se conseguen os avances e que a sociedade camiña paulatinamente cara a unha liberdade real na que non exista nin discriminación nin exclusión por motivos de orientación sexual nin identidade de xénero.
2. Salientar o noso firme compromiso contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e contra os delitos de odio, apostando por un Concello de Bueu libre de LGBTIQfobia.
3. Organizar as IV Xornadas pola Diversidade Afectivo – Sexual, coas que contribuímos a xerar conciencia e a propoñer debates interesantes a través dos que continuar avanzando cara á igualdade de todas as persoas, independentemente da súa orientación ou identidade sexual.